

Corenta personalidades da sociedade galega mostran o seu compromiso co idioma na campaña da Coordinadora Galega de ENDL

A Coordinadora Galega de ENDL presentou a segunda fase da campaña “Orgullosos/as do noso, orgullosos/as do galego” coa presenza de destacadas persoanlidades da sociedade galega.

Os Equipos de Normalización chaman a manifestar un sentimento de orgullo pola lingua propia, que contrasta coas medidas de desprotección do galego que conleva o recién aprobado Decreto do Plurilingüismo.

A Coordinadora Galega de ENDL presentou esta mañá en Santiago de Compostela a segunda fase da campaña “Orgullosos/as do noso, orgullosos/as do galego”, na que participan corenta personalidades de diferentes ámbitos da sociedade galega -como o científico, o empresarial, o docente ou o artístico- que mostran en forma de texto, de debuxo, de fotografía e mesmo de hip hop, o seu compromiso co idioma propio e que queren transmitirlle á sociedade un sentimento de orgullo por ter unha lingua propia, que debería ser común a todos máis alá da ideoloxía, clase social, idade ou procedencia.

Non obstante, a voceira da CGENDL, Valentina Formoso, manifestou que este sentimento parece non ser compartido pola administración que nos representa. En referencia ao Decreto do Plurilingüismo que se vén de aprobar, sinalou que estamos ante un decreto que –a pesar das declaracións públicas dos representantes da Xunta- na realidade non busca o equilibrio entre as dúas linguas oficiais, senón que pretende perpetuar ese prexuízo de que a nosa, a propia, vale menos. A nova norma reduce a súa presenza no ensino e exclúe o galego das áreas científico-tecnolóxicas, partindo ademais dunha premisa totalmente equivocada: que o galego xa está normalizado, que é unha lingua que goza da mesma situación social da que goza o castelán. Así mesmo, lembrou a fonda preocupación que existe no conxunto da comunidade educativa ante estas medidas de desprotección dunha lingua, como a galega, que precisa medidas concretas de apoio real e promoción, tamén no ensino.

A CGENDL convida a toda a sociedade, especialmente á comunidade educativa, a que participe enviando textos á páxina da campaña (www.coordinadoraendl.org/orgullo), onde se poderán atopar as mostras de orgullo de, entre outros, o atleta Pedro Nimo, o empresario Rafael Cuíña, as artistas Mercedes Peón e Aíd, o fotógrafo Xurxo Lobato, o enxeñeiro Xulio Fernández, o cociñeiro Javi Olleros, o catedrático especialista en linguas José Manuel Vez, os físicos Jorge Mira e Eva Cernadas, os escritores Rosa Aneiros e Agustín Fernández Paz, o teólogo Xosé Chao Rego ou o científico Ángel Carracedo.